

Londres, 12 de xaneiro de 1976

Estimado Sr. Alvajar:

Carlos Busquet deume o seu enderezo e mailos folletos do Consello de Galiza, e díxome que lle escribira, o que fago desde xa, despois de falar cos meus compañeiros aquí.

Nós somos un grupo de galegos, emigrados por ún ou por outro motivo, de diferentes tendencias políticas (socialistas do PSG e do PGSD, marsistas da UPG, pero non comunistas do PCG nin do PCE), que tratamos de aitar de portavoz e concienciador na medida do posíbel entre a comunidade de emigrantes galegos. Todos somos nacionalistas, é decir, que abogamos pola formación dun goberno galego con capacidade de autodeterminación pra decidirse pola independencia ou pola federación cos demais pobos de Iberia. Entre nós hai obreiros e hai inteleituáis. Non representamos a ninguén mais que a nós mesmos, pero entendemos que na nosa situación precaria temos que facer todo o posíbel por dar a coñecer a nosa causa a tódolos grupos, e por iso celebramos mítins políticos cos cataláns, os vascos e mailos republicáns (o Sr. Portillo foi compañeiro de traballo meu). O derradeiro foi este verán (o 20 de xulio), e contamos con facer outro loguiño.

Cómo dixeran antes, mantemos boas relacións con tódolos grupos da oposición: tanto se é o Centro Galego de Bós Aires ou o de Londres, coma os de Xinebra ou Asociacións Culturais da terra.

Dende logo interésamos ampliar os nosos contaitos co Consello de Galiza e gostaríanos saber un pouco máis da súa historia ao longo de todos estes anos de eisilio. ¿Cándo foi constituído e quén lle deu os poderes? ¿Pertenceu Castelao ao Consello como tal? Estas son as primeiras impresións e preguntas que saquei da consulta cos meus compañeiros. Eu tamén quixera que ampliáramos o coñecemento e colaboráramos no que poidamos.

Entón vou deixalo aquí de momento. Telefonei á súa cuñada Felicia de Lima, quen me dixo que ía escribir a vostede e mais que estaba intresada polo noso grupo (que por certo se chama Traballadores Galegos na Gran Bretaña, TGB pra abreviar). Entramentras non teña novas de ahí reciba un saúdo cordial, sempre en Galiza

Carlos Busquet

AIR MAIL

Mr F. Xavier Alvajar López
17 Quai aux Fleurs
75004 Paris IV
FRANCE

REMEMBER
to use the
POST CODE!



Carlos Durán
84 Erskine Hill
London NW11 6HG
U.K.
Tel: 01-458 2300